



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E
CASTING, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES A FAVOR DOS ECOSISTEMAS
ACUÁTICOS E A RIQUEZA PISCÍCOLA EN GALICIA PARA O ANO 2021.**

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don Manuel Mouzo Méndez, con NIF 76348401Q, presidente da Federación Galega de Pesca e Casting, segundo consta no Rexistro de entidades deportivas de Galicia.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que a Comunidade autónoma de Galicia ten atribuída a competencia en materia de pesca fluvial e lacustre segundo o artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española.

No exercicio destas competencias aprobouse a Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, cuxo obxecto é regular, protexer e fomentar o dereito ao exercicio da pesca continental das especies pescables relacionadas no seu anexo II.

As competencias e funcións en materia de ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sustentable dos recursos piscícolas nas augas continentais corresponden actualmente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (en adiante, CMATV), de conformidade co disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto





42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda .

SEGUNDO. Que a Federación Galega de Pesca e Casting (en adiante, FGPC) foi constituída ao abeiro da lexislación deportiva aplicable no seu momento, actualmente regulada pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, e a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e cumpre todos os requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiaria.

De acordo co establecido nos seus estatutos (aprobados mediante asemblea xeral extraordinaria do 03/02/2013), a FGPC é a única entidade competente, dentro da Comunidade autónoma de Galicia, para promover, regulamentar, organizar, xestionar, cualificar e controlar as competicións deportivas de pesca nas augas continentais e costeiras nas súas diversas especialidades, en todas as súas modalidades e representa, na Comunidade autónoma de Galicia, á Federación Española de Pesca e Casting na que se integra gozando do carácter de utilidade pública, de conformidade co artigo 44.1 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte, e coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e comportará os efectos establecidos nas mesmas.

Así mesmo, a Federación é a representante da Comunidade autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter estatal e internacional, que se desenvolvan dentro e fora do territorio español.

A FGPC ven colaborando e participando activamente, mediante a instrumentalización de distintos convenios subscritos, cara a conservación, o fomento e o ordenado aproveitamento das poboacións pescables, incluíndo a adopción de medidas de protección e mellora, levando a cabo unha serie de actuacións que permitan a aproximación do pescador ao ámbito relacionado coa práctica da pesca, para que o seu disfrute estea en concordancia co equilibrio entre produción e extracción xa que a pesca deportiva e a pesca recreativa poden afectar á riqueza pesqueira das masas de auga, cun balance de resultados positivos que motivan, na converxencia de intereses e dentro dun marco de colaboración, a necesidade da celebración deste convenio.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMATV e a FGPC, dentro do marco de colaboración xa existente entre ámbolos dous organismos, establecen o presente convenio con acordo as seguintes

CLÁUSULAS





PRIMEIRA. Obxecto.

É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMATV e a FGPC a través da organización e celebración de competicións deportivas oficiais de pesca continental, actuacións de formación e a posta en marcha de “escolas de río” da nova Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, na Comunidade autónoma de Galicia.

SEGUNDA. Obrigas da Federación Galega de Pesca e Casting.

A FGPC comprométese ao seguinte:

1. A organización das actividades que se relacionan no **anexo I** que se acompaña a este convenio, así como a súa divulgación, de acordo co cronograma e condicións sinaladas neste.
2. A elaboración das memorias e informes sobre o estado e cumprimento de cada unha das actividades sinaladas no **anexo I** deste convenio así como calquera outra actividade efectuada que contribúa á consecución dos obxectivos deste, que sexan requiridos pola CMATV.
3. Facer figurar expresamente en tódolos anuncios e documentos que se elaboren e teñan relación coas distintas actividades, a colaboración da CMATV.
4. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
5. Gardar a confidencialidade debida en relación coas actividades incluídas no presente convenio, non podendo ser difundida a información derivada das actuacións realizadas nin entregada ou cedida para uso de terceiros, sen a previa autorización expresa da CMATV.
6. Facilitar toda a información que se lle sexa requirida pola CMATV en relación coa xustificación do convenio, así coma pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de axudas.

TERCEIRA. Obrigas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A CMATV pola súa parte asume os seguintes compromisos:

1. Deseño e supervisión das propostas de accións encamiñadas a potenciar, difundir e mellorar a pesca fluvial en Galicia.
2. Financiar as actividades contempladas no convenio.





3. Aprobar os escenarios necesarios para a posta en marcha das escolas de río e supervisar a adecuación dos contidos dos programas formativos destas escolas de acordo co disposto no Anexo I deste convenio.
4. Levar a cabo e facilitar á FGP os datos necesarios que permitan comprobar a idoneidade dos pescadores noveis que non sexan menores de idade e que soliciten a súa participación nas escolas de río , de acordo co indicado no Anexo I deste convenio.

CUARTA. Financiamento.

A CMATV aportará dentro do exercicio 2021, unha contía máxima de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 08.03.541.B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

QUINTA. Réxime de xustificación e pagamento.

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia a FGPC, na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante a CMATV a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión ou o goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMATV, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á CMATV a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a FGPC asume como beneficiaria as seguintes obrigas:





- a) De acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, unha vez rematadas as actuacións deberá ser xustificado perante a CMATV o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, responda á natureza das actividades subvencionadas e se realicen desde o 1 de maio de 2021 ata o 31 de outubro de 2021.
- b) De acordo co establecido nos artigos 62 e 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuaranse os pagamentos do seguinte xeito:
- Pagamento parcial dos gastos realizados pola FGPC, sendo preciso que, antes do 31 de agosto de 2021, a Federación achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas. No pagamento parcial incluíranse os gastos realizados desde o 1 de maio ata o 31 de xullo de 2021.
 - Pagamento final unha vez xustificadas os gastos comprensivos do resto do importe do convenio. Para estes efectos, antes do 16 de novembro de 2021, a Federación achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas a partir do 1 de agosto de 2021 ata o 31 de outubro de 2021.
- c) A efectos destes pagos, a FGPC achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos. Os pagamentos, xustificacións dos gastos e pagamentos axustaranse ao disposto nos artigos 42 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto do presente acordo.
- e) Comunicar á CMATV, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio. De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións e recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100% do custo total do gasto.





- f) Reintegrar á CMATV, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SEXTA. Comisión de seguimento.

Para o seguimento deste convenio créase unha comisión de seguimento constituída por dous representantes de ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións do presente convenio.

Esta comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, e asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes.

A citada comisión poderá establecer un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

SÉTIMA. Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2021.

OITAVA. Modificacións do convenio.

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

NOVENA. Causas de extinción.

O presente convenio extinguirase por mutuo acordo das partes ou polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, así como polas demais causas de extinción previstas no artigo 50.1 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*.

DÉCIMA. Natureza e xurisdición competente.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, correspondéndolle á CMATV o exercicio das





potestades administrativas para resolver as cuestións que xurdan sobre a interpretación e cumprimento do convenio.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, e máis concretamente na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no seu Regulamento de desenvolvemento.

UNDÉCIMA. Publicidade.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

DÉCIMO SEGUNDA. Relación laboral.

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMATV de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes o presente convenio, por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento do mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA. Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO CUARTA. Escolas de río.





De acordo co establecido no artigo 9.3 da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, a CMATV debe promover o establecemento de escolas de río, para fomentar a formación e educación en materia de pesca continental das persoas noveis na práctica da pesca.

O réxime de funcionamento destas escolas e os seus programas formativos desenvolveranse regulamentariamente, se ben en ausencia deste desenvolvemento, a disposición transitoria terceira da Lei prevé a posibilidade da posta en marcha de escolas de río mediante a subscripción entre outros, de convenios coa Federación Galega de Pesca e Casting, os cales deberán recoller os contidos dos programas formativos aplicables e o réxime de funcionamento destas escolas.

O **anexo I** deste convenio dá cumprimento á citada disposición.

DÉCIMO QUINTA. Diversificación da actividade económica do medio rural e costeiro non urbano.

Considerando que as accións que se impulsan mediante este convenio poden contribuír ao desenvolvemento local do medio rural e costeiro non urbano, impulsar o respecto ao medio ambiente e á contorna e idiosincrasia do lugar en que se desenvolven, incorporar maior valor engadido aos produtos e actividades existentes e contribuír a desenvolver o potencial e as vantaxes competitivas destes espazos; tendo presentes os artigos 18 e 93 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, a FGPC adquirirá os materiais que sexan necesarios e desenvolverá todas as actividades en municipios de menos de dez mil habitantes do medio rural e costeiro non urbano.

En proba de conformidade con todo o anteriormente exposto e estipulado, firman dixitalmente ambas partes o presente convenio,

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e
Vivenda

O presidente da Federación Galega de Pesca
e Casting

Ángeles Vázquez Mejuto

Manuel Mouzo Méndez





ANEXO I

A- CONTIDOS PROGRAMA FORMATIVO, RÉXIME DE FUNCIONAMENTO, ESCENARIOS E CALENDARIO DAS ESCOLAS DE RÍO

1. Contido dos programas formativos.

Nas escolas de río impartirase formación tanto teórica como práctica, debendo os programas formativos delimitar e concretar a duración e contidos de cada un destes módulos.

No desenvolvemento da súa actividade, nas escolas de río unicamente se poderá practicar a pesca sen morte.

Os contidos dos programas deberán garantir o cumprimento da finalidade destas escolas, facilitando a formación e educación en materia de pesca continental das persoas noveis na práctica da pesca, e fomentando o coñecemento sobre ríos e ecosistemas acuáticos, así como sobre a práctica dunha pesca responsable e sostible.

Para acadar estes obxectivos, os programas deben desenvolverse sobre os seguintes contidos mínimos:

- a) Nocións básicas sobre o coñecemento dos ríos e ecosistemas acuáticos de Galicia.
- b) Coñecer as categorías de augas pescables en Galicia, os requisitos que se esixen para pescar e as principais limitacións e prohibicións establecidas para garantir o aproveitamento responsable e sostible dos recursos pescables.
- c) Identificación das especies pescables do anexo II da Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia mais comunmente presentes nos ríos de Galicia, sendo capaces de diferenciarlas doutras especies de peixes e cangrexos que habitan nas augas continentais.
- d) Modalidades de pesca permitidas, artes e engados empregados en cada unha delas, poñendo especial énfase nos medios e técnicas que permiten minimizar a mortalidade dos peixes capturados.
- e) Nocións básicas sobre os efectos prexudiciais que as especies exóticas invasoras acuáticas producen sobre as especies autóctonas e os ecosistemas acuáticos, nocións sobre a limpeza e desinfección do equipo de pesca para evitar a expansión e entrada destas especies nos ríos e embalses.





2. Réxime de funcionamento das escolas

2.1- Participantes

Poderán participar nas actividades das escolas de río financiadas a través deste convenio as persoas pescadoras noveis que , para os efectos do presente convenio, son aquelas persoas pescadoras noveis menores de idade e as que, sendo maiores de idade, non teñan sido titulares máis dun ano dunha licenza de pesca continental expedida pola consellería competente en materia de pesca continental, nin en ningunha das que teñan vigor as licenzas interautonómicas.

A participación nestas escolas non requirirá dispoñer da preceptiva licenza de pesca continental (nin do permiso de pesca correspondente, de ser o caso), durante a súa duración.

As solicitudes para participar nun programa formativo da escola de río poderanse realizar a título individual, a través de centros docentes, concellos nas que se desenvolvan as actividades ou coa intermediación das Asociacións de persoas pescadoras, e dirixiranse á FGPC.

2.2- Profesorado.

As actividades das escolas de río serán desenvolvidas mediante o apoio técnico e a realización de actividades específicas por parte de monitores e monitoras designados especificamente pola Federación Galega de Pesca e Casting.

O plantexamento metodolóxico aplicado para o desenvolvemento das actividades será eminentemente práctico, permitindo o aprendizaxe vivencial e o contacto directo cos elementos do entorno fluvial.

2.3- Materiais

A escola de río achegará todo o material necesario para o desenvolvemento dos programas formativos e as prácticas que leven a cabo no marco do presente convenio.

2.4- Avaliación

Ao termo de cada programa formativo, a escola de río realizará unha avaliación dos coñecementos adquiridos polas persoas que asistan, sobre os contidos mínimos sinalados no punto 1.

Dos resultados obtidos informarase á CMATV ao xustificar os gastos do pago final.





3.- Escenarios e calendario escolas de río:

PROVINCIA	CONCELLO	DATAS (ANO 2021)	ESCEARIO
A CORUÑA	ARANGA	24 E 25 DE XUÑO	COUTO DE ARANGA
LUGO	A PONTENOVA	29 E 30 DE XUÑO	T. LIBRE SEN MORTE DE A PONTENOVA
A CORUÑA	MAZARICOS	1 E 2 DE XULLO	COUTO SEN MORTE XALLAS
LUGO	RÁBADE	12 E 14 DE XULLO	T. LIBRE SEN MORTE RÁBADE
OURENSE	ARNOIA	16 E 23 DE XULLO	T. LIBRE SEN MORTE ARNOIA
A CORUÑA	ZAS	19 E 20 DE XULLO	EMBALSE DA FERVENZA
A CORUÑA	ROIS	21 E 22 DE XULLO	COUTO DE PADRÓN, RÍO SAR
OURENSE	RIBADAVIA	26 E 27 DE XULLO	T. LIBRE SEN MORTE DE RIBADAVIA
A CORUÑA	ARZÚA	1 E 3 DE SETEMBRO	LIBRE SEN MORTE DO ISO
A CORUÑA	CORISTANCO	31 DE AGOSTO E 2 DE SETEMBRO	COUTO DE ARANGA

4.- Orzamento: 21.000 €.

B. OUTRAS ACTIVIDADES

Campionatos mundiais salmónidos mosca absoluto e veteranos





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Patrimonio Natural



galicia

Descrición: participación galega en campionatos internacionais

Destinatarios: deportistas intencionais da Federación Galega de Pesca e Casting

Orzamento: 4.000 €.

